

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa integral para a mellora da detección e intervención en risco de suicidio nas comarcas rurais de Ordes e Ulla Sar 2022.Falamos?.

Entidade executante

Asociación Andaina Pro Saúde Mental (<https://www.andainapsm.org/>)

Ámbito territorial

O Programa abrangue as localidades de:

- Comarca de Ordes: Concellos de Ordes, Tordoia, Trazo, Oroso, Mesía, Frades e Cerceda.
- Comarca de Ulla-Sar: Concellos de Dodro, Padrón, Rois e Rianxo.
- Comarca de Ulla-Sar: Concellos de Pontecesures e Valga.
- Concello de Pontevedra.

Persoas destinatarias

A poboación obxecto do programa pode clasificarse en:

1. Profesionais sociosanitarias/os
2. Estudantado universitario de profesións sociosanitarias
3. Persoas pertencentes a grupos vulnerables ante o risco de suicidio (persoas con trastorno mental, mulleres en situación de violencia machista, persoas cuidadoras de persoas dependentes e persoas en situación ou risco de exclusión social)
4. Familiares ou achegadas de persoas afectadas por conducta suicida
5. Poboación xeral con interese na saúde de mental

O número de persoas beneficiarias previstas para o programa é de 300 persoas.

Obxectivos

Xerais:

Contribuír á mellora na detección e intervención en risco de suicidio nas comarcas rurais de Ordes e Ulla-Sar.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Específicos:

1. Capacitar a profesionais do ámbito sociosanitario na detección e identificación do risco de suicidio
2. Promocionar a saúde mental de grupos vulnerables ante o risco de suicido
3. Informar e sensibilizar a nivel social sobre a conducta suicida e a súa prevención

Metodoloxía

O programa engloba **tres liñas de actuación** correspondentes cos tres niveis de prevención sinalados no modelo de **Gordon (1983)** e que se definen en relación ao risco de conduta suicida tal e como se reflicte a continuación: *Prevenção universal*, que ten o seu obxectivo no total da poboación e que consiste xenericamente en incrementar os factores de protección e reducir ou controlar os factores de risco

Prevenção selectiva, está dirixida a unha poboación xa identificada como de risco suicida sendo as características psicossociais as que determinan o maior nivel de risco.

Prevenção indicada, céntrase na actuación sobre o individuo concreto, no que teñen aparecido factores de risco e/ou precipitantes en maior ou menor medida, relacionados co risco de suicidio.

A este respecto, o programa desenvolve as seguintes **liñas actuación**:

1. Capacitación a profesionais sociosanitarios

Dentro desta liña de actuación levaranse acabo dous tipos de accións de capacitación:

1. Formación a profesionais sociosanitarios e estudantado universitario
2. Conformación dun grupo de interese

2. Intervención con persoas e grupos vulnerables

As accións a desenvolver correspondentes a esta liña de actuación pretenden o fortalecemento da saúde mental de persoas consideradas vulnerables ante o risco de suicidio por presenza de factores de risco asociados.

Neste senso, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

1. Servizo de información, orientación e asesoramento
2. Obradoiro de afrontamento de crises para o crecemento persoal e a resiliencia
3. Obradoiro de saúde mental e suicidio: como afrontar e reducir os riscos

3. Información e sensibilización social sobre a prevención da conduta suicida